ILUMINA O TEU ESCAPARATE

V EDICIÓN DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL EN VIGO PARA AS DISTINTAS ASOCIACIONS DE COMERCIANTES DE VIGO

Desde a productora Lineapress queremos animarvos un ano mais a participar no V Concurso de Escaparates e Fachadas de Vigo.

A continuación, dámosvos toda a información e calquera dúbida que teñades escribrirnos ao Whatsapp 696 01 69 24, estamos á vosa disposición.

Cada comercio, hotel ou restaurantes poderán participar realizando unha fotografía do Nadal ao WhatsApp do 696 01 69 24, ou solicitando á produtora que realice dita fotografía. Ademais da fotografía debedes enviar os datos de contacto, o nome da túa tenda telefono movil e unha pequena información do voso local e o voso escaparate para subir as redes sociais do concurso.

- **As fotografías presentadas serán valoradas o dia da gala a traves dun voto popular entre todos os participantes das asociacions que asistan a gala valoranse, espíritu navideño, decoración artesanal, mais sostible e orixinal.**

Con este proxecto o noso obxectivo é visibilizar, difundir e dar a coñecer as tendas e escaparates ,fachadas dos restaurante e hoteles de Vigo a través das diferentes redes sociais, como Facebook e Instagram, nas que se iría subindo diariamente contido coas fotografías dos escaparates e con información sobre cada unha das tendas e comercios para dalas a coñecer.

Os días de inscricións serán desde o 20 de novembro ao 15 de Decembro (ambos inclusive). Só poderanse presentar os comercios, restaurantes ou hoteis que pertencen ás Asociacións colaboradoras do concurso (outros que queiran participar terían que asociarse cunha das nosas Asociacións colaboradoras).

FORMACION DE ESCAPARATISMO

Achegamos un video sobre escaparatismo, decoración ambientada do nadal, merchandising, redes sociais e paqueteria.

GALA FINAL E ENTREGA DE PREMIOS

A gala de clausura celebrarase o sábado **16 de xaneiro de2027 ás 21.30h de 2027**

O acto será un encontro de recoñecemento ao comercio local e contará coas seguintes actividades:

- Recepción e atención ás persoas asistentes.
- Reportaxe fotográfica e instalación dun *photocall*.
- Puntuación do xurado popular dos participantes:espíritu navideño, decoración artesanal, mais sostible e orixinal.
- Proxección das fotografías dos escaparates participantes, identificando cada establecemento.
- Presentación e entrega dos premios.
- Actuacións musicais e contidos de entretemento,presentara o seu disco a cantante Gabriela Carrizo, o duo Kimberlys y Deibys de canción da película Grease e o grupo Gospel, etc.
- Gravación e elaboración dun resumo da gala.
- Difusión posterior dos contidos nas redes sociais.

A presentación da gala corre a cargo de Dani Ríos, cantante e presentador da TVG,

A composición definitiva e os criterios de valoración estableceranse nas bases do concurso, co obxectivo de garantir a transparencia e a obxectividade na concesión dos premios.

CATEGORÍAS E PREMIOS

Os premios propostos son os seguintes:

Categoría	Recoñecemento
Primer premio ao mellor escaparate	Trofeo, fin de semana nunha casa rural con almorzo
Segundo premio ao mellor escaparate	Trofeo, momento Brunch con circuito y spa
Terceiro premio ao mellor escaparate	Trofeo, spa e masaxe para duas persoas
Mellor fachada de hotel	Trofeo, fin de semana nunha casa rural con almorzo
Mellor decoración de restaurante	Trofeo, fin de semana nunha casa rural con almorzo

Ademais, sortearase entre os establecementos participantes unha cea romántica para duas persoas.

Síguenos nas nosas redes sociais para estar ao tanto de todo!

Instagram: https://www.instagram.com/iluminaoteuescaparate/

Facebook: https://www.facebook.com/profile.php?id=61596789657516